


O CAMIÑO DE SANTIAGO





INICIO

As **FICHAS DE PATRIMONIO** que vos presentamos, e que son a base do programa formativo "**O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos**", están deseñadas para traballar co voso alumnado diversos aspectos relacionados co patrimonio cultural da ruta xacobeá.

Cada unha das fichas ordénase nunha secuencia semellante á que se establece nas etapas do Camiño. As conclusións extraídas co traballo de cada unha delas serán abertas e susceptibles de relacionarse coas elaboradas para outros contidos temáticos.

Non son un "manual de instrucións" senón que presentan unha serie de pautas para que os docentes poidades tomar o que máis vos conveña en función das características e intereses do grupo ao que vos dirixides.

Estrutúranse do seguinte xeito:


→ Nun primeiro momento, e a xeito de treboada de ideas, plantexámosvos unha serie de ítems que o docente pode adaptar ás necesidades educativas da aula. Non se trata de que o alumnado dea unha resposta única a cada unha das cuestións, senón que se chegue, dentro da clase, a respostas globais que se debatan entre diferentes grupos flexibles organizados polo profesor.

→ Tras a posta en común sobre as respostas ás cuestións plantexadas, no apartado **PROPOÑEMOS** o profesor atopará unha serie de actividades realizables dentro e fóra da aula que completen os coñecementos adquiridos.

O plantexamento, tanto de ítems como de actividades, responde aos principios de interdisciplinaridade e aprendizaxe colaborativa. Poderán secuenciarse nas programacións da aula, constituíndo unha xornada final de traballo naquelas unidades didácticas nas que se aluda aos contidos teóricos que explican o Camiño de Santiago nas diferentes materias do currículo.

O obxectivo final do traballo cos materiais que aquí presentamos será a elaboración dun traballo de creación artística sobre o Camiño de Santiago.

Bo Camiño



QUE É O CAMIÑO DE SANTIAGO... para a túa clase

Dar unha definición exacta podería ser o correcto para comezar, deixando claro ao alumnado que é o Camiño de Santiago. Mais preferimos que descubrades vós a resposta ao longo desta etapa para iniciar a vosa viaxe sen ideas preconcebidas.

Ademais, máis que precisar que é o Camiño, queremos saber máis ben que pensan os alumnos/as sobre o que é o Camiño de Santiago. Por tanto, comecemos preguntándolles **que pensan que é o Camiño de Santiago?**

Podemos atopar tres casos:

Todos o coñecen
Algúns o coñecen
Ninguén o coñece

Aqueles/as que non saiban nada do Camiño de Santiago están de sorte: van iniciar unha grande viaxe e descubrir algo increíble.

Propoñemos I: Para aqueles/as alumnos/as que non saiban nada do Camiño de Santiago...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Noutras aulas pode que todos/as o coñezan. Moitos centros educativos, dentro das súas programacións e viaxes culturais, realizan unha parte do Camiño en grupo. É unha ruta moi interesante como viaxe de estudos. Se este é o voso caso, e xa coñecedes o Camiño de Santiago porque o fixestes, tede en conta que non todos teñen esa sorte. Mais aínda que coñezades unha parte, hai outros Camiños que máis adiante descubriremos.

Propoñemos II: Para aqueles/as que crían saber todo do Camiño, pensade que debedes explicarllo a ...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

O normal será que cando menos algúns/algunhas dos alumnos/as o coñezan, por eles/as mesmos/as ou por familiares ou amigos/as que teñan realizado algunha parte ou incluso todo o Camiño.

No ano 2016 fixérono un total de 277.854 persoas. Unha das maiores porcentaxes eran estudantes.

Se é o voso caso e algúns/algunhas coñecen que é o Camiño de Santiago, é o momento de que o expliquen ao resto, coas súas propias palabras. É importante que o expoñan de xeito claro, entre amigos/as, esquecendo onde están. Todas as dúbidas que non queden resoltas anotádeas para, entre todos/as, dar resposta máis tarde.

Con estas tarefas expostas averiguaremos a formación inicial do grupo sobre o tema e o seu interese polo mesmo, para poder enfocar mellor as seguintes actividades. É preciso partir dunha idea concreta sobre o que o alumnado entende que é o Camiño de Santiago.

**Algún/algunha ten anécdotas ou vivencias, coñece historias ou noticias relacionadas co Camiño?
É un bo momento para compartir co resto.**

Unha vez explicado o Camiño de Santiago, co que coñecemos, crearemos a nosa propia definición: primeiro individual, despois en pequenos grupos e finalmente toda a clase.

Nunha definición expóñense con claridade os caracteres xenéricos e diferenciais de algo material ou inmaterial, polo tanto vexamos que destacan cada un dos alumnos/as como o máis importante. Na definición poden incluírse aspectos históricos, xeográficos, sociolóxicos, culturais, etc. Pode ser unha descrición tan longa como queiramos. Podería ser algo como:

- O Camiño de Santiago é ... unha ruta que ...
- O Camiño de Santiago é ... que nace en ...
- O Camiño de Santiago é ... onde os peregrinos ...
- O Camiño de Santiago é ... que pasa por moitas provincias ...
- O Camiño de Santiago é ... cun sentido espiritual ...
- O Camiño de Santiago é ... cheo de monumentos ...

Para que o voso grupo teña unha idea máis concreta sobre que é e que significa o Camiño de Santiago, darémosvos unhas pinceladas básicas. Poderedes ampliar a información pouco a pouco en cada ficha.

As peregrinacións a Santiago de Compostela, iniciadas no século IX co descubrimento da tumba do Apóstolo Santiago o Maior, trazaron durante séculos as sendas que conflúen en Santiago, encontro final de todas as rutas xacobeas.

Ningunha peregrinación alcanzou a marcar tan intensamente o seu camiño como a de Compostela. Dende o relato atribuído a **Aymeric Picaud** no século XII, recollido no libro V do **Códice Calixtino** que describe a súa viaxe polo Camiño Francés con todo luxo de detalles, as crónicas de peregrinación deixaron constancia dos camiños históricos a Santiago de Compostela.

Crean que mudou moito o peregrino actual do peregrino da Idade Media?

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e turismo cultural")

Propoñemos III: O Códice Calixtino é unha das mellores fontes para coñecer ...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

A ruta efectuada por Aymeric Picaud, recollida en detalle no libro V do Códice Calixtino describindo a súa marcha polo Camiño Francés, é un dos textos máis famosos. É coñecido como a «**Guía do Peregrino medieval**». Ofrece consellos para realizar a viaxe, opinando sobre localidades e xentes nas diferentes etapas. Algunhas reseñas e descrições xeográficas e sociais son realmente curiosas, ofrecendo todo luxo de datos.

Os camiños históricos de Santiago foron no pasado unha das vías de comunicación máis influentes e recoñecidas de Europa. Constituiron un tramado de eixes transeuropeos para a difusión da nosa cultura común, que lograron transformar as pautas da vida social e económica de amplas rexións do norte de España e impulsaron a aparición de cidades e vilas cunha forte implantación gremial, poboacional e económica. Conformáronse como unha incesante fonte de transmisión de cultura e tradicións, o que permitiu a entrada de novos estilos provenientes doutros países que se reflicten nas numerosas igrexas, catedrais e construcións civís que van marcando o camiño.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e memoria")

Ademais do seu valor espiritual, o Camiño de Santiago é, dende o punto de vista do seu patrimonio material e inmaterial, un dos bens culturais máis importantes de España.

O Camiño Francés e os Camiños do Norte Peninsular tamén son Patrimonio Mundial dende 1993 e xullo de 2015, respectivamente. Os Camiños do Norte Peninsular completan, ao remitir ás súas orixes, o fenómeno xacobeo representado no Camiño Francés. As súas catro rutas (Camiño Primitivo, da Costa, Interior Vasco-Rioxano e Lebaniego) son as máis destacadas de cantas existiron no norte de España vinculadas aos momentos iniciais da historia xacobeá.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio cultural")

Esta vía milenaria serviu de vehículo de comunicación en Europa ao longo de toda a súa historia e permanece viva hoxe, o que favorece un continuo diálogo cultural entre as persoas que a percorren e as vilas que atravesan.

É por iso que conseguiron múltiples recoñecementos internacionais entre os que salienta a súa declaración como Primeiro Itinerario Cultural Europeo no ano 1987 polo Consello de Europa, que en 2004 tamén lle concedeu a categoría Gran Itinerario Cultural Europeo.

Tamén o Camiño de Santiago recibiu o premio Príncipe de Asturias da Concordia 2004 por ser "un lugar de peregrinación e de encontro entre persoas e pobos que, a través dos séculos, se converteu en símbolo de fraternidade e estruturador da conciencia europea". Non en van, o Camiño como vía cultural, como ruta artística, como calzada histórica ou como sendeiro para deportistas e turistas, foi a "gran avenida cultural europea de todos os tempos".

Toda esta información, xunto coas dúas propostas que vos presentamos, serviravos para un primeiro achegamento ao Camiño de Santiago. Ademais, para que quede máis claro, propómosvos crear en grupo un mapa conceptual para que o alumnado organice e comprenda as ideas clave de xeito significativo.

Facede unha foto ao encerado coa vosa definición e o mapa desenvolvido e enviádenolo. Estamos desexando ver o resultado!

info@tucaminodesantiagoconcurso.es

Se queredes ampliar información, propómosvos que busquedes as webs oficiais de cada Comunidade Autónoma relacionadas co Camiño de Santiago.

Comprobaredes que cada unha pola que pasa o Camiño o explica dun xeito diferente. Igual que na vosa aula, primeiro individualmente, despois por grupos e finalmente en conxunto se deu unha definición e se puxo énfase en determinados aspectos, cada organismo público defíneo dun xeito diferente poñendo interese no que considera importante e aínda que sexa o mesmo Camiño, sempre son distintos os matices ou o xeito de expor a información.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e turismo cultural")

Non só as webs oficiais poden ofrecer información do Camiño. Moitos peregrinos teñen redes sociais onde comparten información, opinións, fotos e vídeos interesantes.

Estas redes convertéronse nunha ferramenta que permite a aprendizaxe colaborativa e o voso alumnado seguro que é experto nelas.

Dividide o grupo polas redes que máis usen: **Facebook, Youtube, Instagram, Twiter, etc.** Que cada un/unha amplíe información relevante sobre o tema do Camiño.

O noso programa formativo ten unha conta de Instagram! Séguesnos?

https://www.instagram.com/tu_camino_de_santiago/

Fin da etapa, merecido descanso...

Chegamos á nosa primeira parada. Con todo o que traballamos, xa coñecemos un pouco que é o Camiño de Santiago.

Tras descubri-lo, a aqueles/as alumnos/as que non sabían nada, **parécelles interesante realizalo?**

QUE SENTIDO TEN O CAMIÑO DE SANTIAGO ... para a túa clase

ETAPA 2

O Camiño de Santiago

Coñecido que é o Camiño de Santiago tócanos preguntarnos
para que serve o Camiño?

No noso comezo, o que nos interesou é partir das propias explicacións do alumnado, as súas experiencias, sobre que é o Camiño de Santiago. O seu xeito de expresalo e o sentido que dan ás palabras é importante para comprobar se o ven como algo con valor ou simplemente «andar por andar».

**Agora tócanos pensarmos que significa realmente o Camiño
e as motivacións que levan a facelo.**

O Camiño de Santiago comezou como unha peregrinación.
**Hoxe en día que peso ten o feito espiritual na nosa sociedade?
Na vosa aula que valor ten?**

Mais actualmente o Camiño non ten unicamente un sentido espiritual. Cada ano, o número de viaxeiros que realiza esta ruta é moi alto. **Cales serán os motivos que levan a facelo?**

Imos ver que pensa o alumnado.

Para que cren que os peregrinos percorren hoxe en día o Camiño de Santiago?
Anotade todas as opinións que xurdan, xa que posteriormente as lembraremos.

Para unha mellor comprensión do feito, imos **buscar información por diversas fontes:**

1

Nós preguntamos a diversos peregrinos sobre que os levou a iniciar a viaxe e, de entre as súas respostas, seleccionamos o seguinte:

- **Ana (Madrid - 53 anos)** «Realicei o Camiño por unha procura persoal. Atoparme a min mesma».
- **Adriá (Xirona - 25 anos)** «Gozar da historia que hai en cada lugar».
- **Pablo (A Ríoxa - 33 anos)** «Vivir unha experiencia».
- **Iker (Zarautz - 28 anos)** «Unha viaxe con amigos».
- **Andrés (Barcelona - 43 anos)** «Unha contorna cunha natureza e paisaxe increíbles».
- **Pilar (Burgos - 54 anos)** «Na miña familia é case unha tradición».
- **Yeray (Tenerife - 49 anos)** «Encántame gozar da gastronomía de cada aldea».
- **Familia Gadea (Valencia - 41 - 40 - 9 - 13 anos)** «Turismo en familia».
- **Lluís (Barcelona - 29 anos)** «É unha ruta que fai moita xente. Está de moda».
- **Antía (Lugo - 30 anos)** «Gústame moito o deporte e estar en forma».
- **Juan (Oviedo - 58 anos)** «Simplemente por diversión, lecer».
- **Asociación Cultural (Extremadura)** «Para coñecer a súa arte e patrimonio cultural».
- **Rosa (Madrid - 48 anos)** «Unha promesa que fixen».

2

Ademais destas opinións, estamos seguros de que dentro do grupo poden atopar outras impresións e experiencias dentro do seu círculo familiar e de amigos/as.

Coinciden coas expresadas anteriormente? Incorporaron algunha nova?


3

Co que comentan estas persoas, ou o que eles crean, non podemos sacar conclusións. Os datos oficiais que nos poden servir para responder esta pregunta atopámoslos na **Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela** ou nas enquisas que realizan anualmente as **Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago**.

Se precisades datos estatísticos para resolver dúbidas ao voso alumnado, non dubidedes en consultar estas fontes, xa que hai unha serie de estatísticas moi interesantes sobre os peregrinos.

<https://oficinadelperegrino.com/estadisticas/>

Entre os datos que nos interesan a nós neste momento, destacamos a motivación, ofrecéndose na enquisa da **Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela** tres posibilidades de resposta:



Serían capaces os alumnos/as de situar cada unha das respostas persoais que deron antes en algún destes tres grupos?

4

Para coñecer máis sobre os peregrinos tamén vos propomos contactar coa **Federación Española de Asociaciones del Amigos do Camiño de Santiago**. Está formada por un importante grupo de Asociacións, repartidas por case todas as Comunidades Autónomas de España. A experiencia e coñecemento dos seus membros vai ser sen dúbida unha das fontes máis importantes que ides ter para que o alumnado aprenda de primeira man todo sobre o Camiño de Santiago.

O seu traballo, fundamental para manter o Camiño vivo, engloba actos de promoción, estudos e investigación, publicacións periódicas (**Revista «Peregrino»**), cursos e conferencias, etc.

Ademais, un dos aspectos que se valorará para que o voso traballo artístico chegue á exposición de Santiago de Compostela é a participación destes colectivos locais vinculados ao Camiño de Santiago no proceso de formación do voso grupo.

Se queredes máis información sobre cal de todas as asociacións pode axudarvos, non dubidedes en contactar

<http://www.caminosantiago.org/cpperegrino/comun/inicio.asp>

5

Mais realmente nunca saberemos cales son as motivacións dos peregrinos ata que os coñecemos, por tanto propómosvos averigualo preguntándolles a eles en persoa.

(Descubre máis na "Ficha patrimonio e turismo cultural")

6

Por último, outra boa opción é que busquen información sobre o tema en Internet: facilmente poderán atopar decenas de artigos e blogs con opinións de viaxeiros.

Con toda esta información, unha cousa vai quedar clara: o reflexo do peregrino actual e do pasado é a imaxe da sociedade de cada momento. O peregrino de hoxe en día ten pouco que ver co de hai séculos. Se ben nos seus inicios o sentido espiritual era o que movía aos viaxeiros, é posible que na nosa época as motivacións sexan outras.

Por tanto, unha vez que o voso grupo teña indagado nas motivacións de moitos dos peregrinos, este tema é unha boa oportunidade para propiciar na clase o desenvolvemento dun debate, argumentando as ideas propias e respectando a opinión dos demais. Propómosvos que deliberedes sobre **o sentido actual do Camiño de Santiago**.

Mais ademais de fixarnos noutros, podedes iniciar este debate consultando **que levaría ao voso grupo a facer o Camiño?**

Pode que non lle vexan ningún interese, ou se cadra o ven como un reto interesante.
En que posición se atopan?

Propoñemos IV: Como xa investigamos e coñecemos algo sobre o Camiño de Santiago, é o momento de propor ...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Como achega ao debate, propómosvos un aspecto interesante sobre a motivación para facer o Camiño: o **filosófico ou transcendental**.

Quen deixa a súa pegada en quen, o camiñante ou o Camiño?

Antes de falar sobre iso deixámosvos dous textos para analizar e ler en grupo, que nos ofrecen un sentido simbólico da viaxe.

Constantino Cavafis.
«Viaxe a Ítaca»

Cuando emprendas tu viaje a Ítaca,
pide que el camino sea largo...
lleno de aventuras,
lleno de experiencias.
No temas a los lestrigones
ni a los cíclopes
ni al colérico Poseidón,
seres tales jamás hallarás
en tu camino,
si tu pensar es elevado, si selecta
es la emoción que toca tu espíritu
y tu cuerpo...

Antonio Machado.
«Camiñante non hai camiño»


Caminante, son tus huellas
el camino y nada más;
Caminante, no hay camino,
se hace camino al andar.
Al andar se hace el camino,
y al volver la vista atrás
se ve la senda que nunca
se ha de volver a pisar.
Caminante no hay camino
sino estelas en la mar.

Gustaron as poesías?

Para que serve ao teu alumnado a poesía hoxe en día, que parece que nos movemos a golpe de tuit?
Atreveríadesvos a crear unha poesía sobre un tema que vos interese?
Atreveríadesvos a crear unha poesía sobre o Camiño de Santiago?

Esta proposta non está formulada ao azar, nada nestas fichas o está. Lembraide que unha das categorías do programa formativo é unha banda deseñada/foto-banda deseñada, na cal é importante a ilustración, mais tamén o contido, que en ocasións pode ser un texto poético.

E a poesía feita imaxe mediante unha fotografía?



NON SÓ É Un camiño...

Dado que é o alumnado quen debe realizar un traballo de creación artística sobre o Camiño de Santiago, preferimos nas etapas anteriores que eles/as descubran e debatan que é e que sentido ten.

Durante o transcurso da súa busca de información, se cadra varios/as comentaran que o realizaron. Porén, se cadra percorreron diferentes lugares.

Xurdiu a dúbida? Acaso non é un só Camiño o que existe?

Seguro que para moitos/as de nós está claro, mais se cadra non para eles/as.

Por tanto, outro aspecto importante é facer ver que o Camiño de Santiago non o forma unha soa ruta, senón moitas, que parten de lugares moi afastados de Europa, legado das peregrinacións medievais. Existen decenas de camiños que levan a Santiago de Compostela.

Propoñemos V: Fixádevos nun mapa a cantidade de localidades de Europa polas que pasa o Camiño de Santiago...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

No noso país, o Camiño de Santiago tamén percorre múltiples provincias. Así, poderíamos dicir que existen moitos Camiños de Santiago.

Mais no noso programa de formación imos centrarnos unicamente naqueles nos que traballa o Consello Xacobeo. Presentámoslos brevemente e deixámosvos unhas preguntas para o debate:

Camiño Francés

Sen dúbida, o máis transitado polos peregrinos na actualidade. Ten a súa entrada á península por dous ramais que conflúen en Ponte la Reina: un por Navarra, dende Roncesvalles en dirección Pamplona para proseguir a continuación por Ponte la Reina e outro por Aragón, que parte de Somport (Huesca).

Os seus diferentes tramos permiten percorrer case todo o norte peninsular, pasando por bosques navarros, viñedos rioxanos, chairas e catedrais castelán-leonesas, e montañas e prados galegos. Máis de 900 quilómetros que nos achegan ao camiño con maior tradición histórica (descrito xa no século XII) e o máis recoñecido internacionalmente.

Fonte: Xacobeo Galicia e Consello Xacobeo. MECD.

Cantos quilómetros poderíades avanzar por etapa?

O Camiño de Santiago non é unha carreira, así que depende de cada peregrino. Lembra que pode facerse en bicicleta e mesmo a cabalo, polo que as paradas se escollen libremente, así como o tempo que se queira investir.

Camiño da Costa

É unha das rutas xacobeas máis antigas de peregrinación, xa que orixinariamente foi a través deste camiño por onde se expandiu o culto a Santiago no século IX, a través do comercio marítimo. Transcorre por Guipúscoa, Biscaia, Cantabria, Asturias, Lugo e A Coruña.

Tras o Camiño Primitivo, esta ruta, que transita pola costa asturiana e entra en Galicia pola ría de Ribadeo, acadou relevancia na baixa Idade Media. Daquela, as peregrinacións marítimas estaban no seu apoxeo e en Oviedo comezou celebrarse o Xubileu da Santa Cruz.

Os peregrinos de finais da Idade Media, ávidos por venerar reliquias e gañaren indulxencias, visitaban Oviedo como complemento da súa viaxe piadosa a Compostela.

O Camiño da Costa mantivo vitalidade ata o século XVIII. E non só atraía peregrinos asturianos, senón que por el pasaban devotos de todo o norte da Península, e mesmo -por terra ou por mar- procedentes doutras zonas de Europa como Inglaterra, Flandres, Alemaña ou Escandinavia.

Fonte: Xacobeo Galicia

Coñece o voso grupo que existen camiños xacobeos que en parte se fan por mar para chegar a Santiago?

Camiño Lebaniego

É un ramal do Camiño da Costa que percorre Cantabria que xurdiu co obxecto de venerar os restos de Santo Toribio, bispo de Astorga, e as reliquias do *Lignum Crucis* (o maior fragmento conservado da Cruz de Cristo recoñecido pola igrexa) traídas polo propio santo dende Xerusalén. O *Lignum Crucis* motivaba, dende tempo inmemorial, a afluencia de numerosos peregrinos atraídos polas supostas curacións mentais que producía e que encontramos narradas por sucesivos cronistas, ata o punto de que o mosteiro se chegou a coñecer como a pequena Xerusalén.

Fonte: Consello Xacobeo. MECD.

Como podedes comprobar, non sempre ao final dunha ruta xacobeas está Santiago de Compostela, mais neste caso a motivación é a mesma, espiritual.

Camiño do Interior Vasco-Rioxano

Entrando por Irún desde a cidade francesa de Baiona (único paso a pé de costa), os peregrinos tiñan dúas opcións para iren a Santiago: tomar o Camiño da Costa por todo o norte da península ou continuar cara o sur ata entroncar co Camiño Francés en Santo Domingo da Calzada ou Burgos.

Este Camiño, de grande beleza paisaxística, transcorre por tramos de antigas calzadas romanas e atravesa a Cordilleira Cantábrica por pasos como o Túnel de Santo Adrián, en Guipúscoa, que penetra nunha montaña de roca e está enclavado en pleno parque natural. De apenas 70 metros de longo, o túnel conta cunha ermida do mesmo nome no seu interior.

A orixe deste camiño parece estar no auxe da peregrinación ao Santuario de Santo Domingo da Calzada a partir do século XV, vinculado ao xurdimento da lenda do aforcado, o galo e a galiña que protagoniza un peregrino a Santiago de Compostela, cuxa fama percorreu toda Europa.

Hai unha ruta máis sinxela que outra?

Todas as rutas contan con etapas de maior e menor dificultade. Máis que abaternos polo cansazo que poidan supor, mellor gocemos coa beleza e posibilidades que ofrecen cada unha. Nunca camiñedes coa cabeza baixa.

O Camiño é unha oportunidade para descubrir cousas novas nun mesmo e na nosa contorna.

Camiño Primitivo

Está na orixe do Camiño de Santiago, polo que é a primeira ruta de peregrinación documentada e coñecida. O primeiro itinerario nace a comezos do século IX, cando Afonso II (791-842) "O Casto" marcha dende Oviedo, daquela, corte do Reino, cara ao "*Campus Stellae*" para visitar unha tumba acabada de descubrir do Apóstolo Santiago. Trázase un camiño que aproveita as antigas vías de comunicación de época romana, polo que os peregrinos transitaban para visitar os restos do Santo, non sen riscos, xa que a península estaba ocupada en gran parte polos musulmáns.

Fonte: Consello Xacobeo. MECD.

Cren que todas as rutas rematan en Santiago de Compostela?

Non, algunha delas enlaza con outro Camiño. Neste caso, o Camiño Primitivo entronca co Camiño Francés a só tres xornadas de Compostela.

Camiño Catalano-Aragonés

O Camiño Catalano-Aragonés xorde para canalizar o tránsito cara a Santiago de Compostela dos peregrinos que proviñan do Languedoc (sueste de Francia) e de Italia, que preferiron entrar á península a través de Sant Pere de Rodes e La Jonquera. Transcorre polas localidades de Monserrat, Lleida e Zaragoza ata chegar a Logroño, onde se une ao Camiño Francés.


Estes peregrinos non sempre escollían a ruta máis sinxela e curta. En moitas ocasións, elixían rutas máis longas para visitar mosteiros de renome e venerar as imaxes ou reliquias que estes albergaban. En Xirona, algúns peregrinos visitaban a tumba de San Narciso e en Barcelona moitos ían rezar á tumba de Santa Eulalia. A fama que adquiriron os mosteiros de Sant Pere de Rodes, Poblet e Sant Cugat foi decisiva á hora de configurar este itinerario.

Fonte: Consello Xacobeo. MECD.

Observando todas as rutas do Camiño de Santiago nun mapa, que tramo esperta máis curiosidade entre o voso alumnado? Que lles chama a atención del? En que se basean para escoller? Cales son as súas motivacións?

Nas súas respostas poderedes comprobar as diferentes razóns que teñen os peregrinos á hora de realizalo. Lembra de as que seleccionamos na ficha.





Fonte: Instituto Xeográfico Nacional y Federación Española de Asociaciones del Camiño de Santiago

Propoñemos VI: Pode que o voso centro estea preto de algunha das localidades...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Pasando por tantos lugares de España podería xurdir a dúbida de saber a quen pertence o Camiño de Santiago, quen se encarga da súa conservación. Non pertence a ninguén, mais si que existe un órgano que serve de cooperación entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) e as Comunidades Autónomas por onde pasan os Camiños que traballamos no noso programa formativo: Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Galicia, A Rioxa, Navarra e País Vasco. **Trátase do Consello Xacobeo.**

A súa función é a conservación das rutas do Camiño de Santiago declaradas Patrimonio Mundial (Camiño Francés, da Costa, do Interior Vasco-Rioxano, Primitivo e Lebaniego) ademais do Catalano-Aragonés, así como organizar a celebración dos Anos Xacobeos.

**Saben os teus alumnos/as que é ser Patrimonio Mundial?
Descubrirédolo nas nosas próximas etapas.**

Ademais, encárgase da execución de programas e actuacións de promoción relacionados co Camiño de Santiago, sendo unha delas a posta en marcha deste programa formativo para mozos. Por tanto, as rutas coas que vos propomos traballar son as que o Consello coordina.

Fin da etapa, merecido descanso...

Aprendemos moito nestas etapas e comprobamos como o Camiño de Santiago non é só un camiño, mais non porque haxa múltiples rutas, senón porque realmente non é só un camiño: como antes comentabamos, todos eses camiños que vemos nos mapas convertérono nunha das vías de comunicación máis importantes e coñecidas de Europa, sendo fundamental como eixo comercial e vía de difusión do coñecemento e a cultura.
Agora tócalos a vós continuar o legado.

Lembrede que o programa formativo remata cun traballo artístico sobre o Camiño.
O grupo xa pensou cal das categorías os motiva máis?

PROPOÑEMOS

As propostas que presentamos a continuación son actividades de motivación orientadas a complementar as competencias e os contidos do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, dentro do obxectivo que se marca o programa formativo «O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos». Nesta ficha incluimos propostas para:




HISTORIA



XEOGRAFÍA



LINGUA



IDIOMAS



FILOSOFÍA

Proposta I: Tecnoloxías da información e a comunicación

Para aqueles que non saiban nada do Camiño de Santiago ... formulámosvos o primeiro obxectivo: propiciar o seu interese.

Para iso deben coñecer de que falamos. Por tanto, imos presentar o Camiño de Santiago usando diverso material que lles poida resultar atractivo. É bo que sexan eles/as mesmos/as os que investiguen, xa que ademais é un tema onde se poden atopar moitos datos.

Propón que en pequenos grupos realicen unha busca de información sobre o Camiño de Santiago, cada un centrado nun aspecto diverso, para que se interesen e coñezan de primeira man o máis relevante. Indagando en Internet, redes sociais e na biblioteca do centro e/ou do barrio poden consultar aspectos como:

- información das diversas rutas: etapas, distancias, ...
- consellos para a viaxe e indicacións útiles,
- blogs e redes sociais con vivencias de peregrinos,
 - situación de albergues e comidas,
 - ...

É interesante tamén contextualizar o inicio do Camiño na súa época, polo que será preciso que procuren referencias históricas sobre el.

Ademais poden facer un resumo das noticias que atoparon a través de diferentes fontes. É habitual ver noticias en tv, prensa ou radio sobre o tema.

Unha vez obtida a información é hora de que o alumnado a presente e poña en común, facilitando entre todos unha visión máis rica e completa do Camiño de Santiago.

Pode ser normal que se pregunten ao final que transcendencia terá este Camiño para que tanta xente fale del?

Proposta II: Dramatización

Para aqueles/as que crían saber todo do Camiño, pensade que debedes explicarllo a un/unha ... turista mediante a seguinte dinámica.

Un membro do grupo que crea coñecer o Camiño de Santiago tomará o rol de informador/a turístico da súa localidade; outra persoa que non saiba moito sobre o Camiño, o rol de turista interesado/a sobre o Camiño. O segundo formulará ao informador/a aquelas dúbidas que considere necesarias para coñecer que é o Camiño de Santiago.

Seguro que se vos ocorren moitas. Propoñémosvos algunhas:

- Como fago para non perderme?
- Mais, cantos camiños hai? Cal é o bo?
- Onde comeza o Camiño de Santiago?
- Cantos cartos custa facer o Camiño?
 - Onde vou durmir?
- Como saben que son peregrino en cada albergue e como saben que fago o Camiño?
 - E se vou en coche?
 - Se non son relixioso, podo facelo?
 - Hai un tempo para facelo?
 - Mais hai que andar moito?
 - E se me accidento, quen me axuda?
- Hai que volver de Santiago de Compostela camiñando?

Que pensan en cada caso?

Poderíamos resolver as dúbidas, mais é mellor que o descubran eles/as.

Proposta III: Comprensión lectora

O Códice Calixtino é unha das mellores fontes para coñecer... que foi o Camiño de Santiago nas súas orixes.

Varias localidades actuais están detalladas. Pode ser moi interesante comprobar como se describe a vosa zona vista por un peregrino da Idade Media.

«Por Logroño pasa un río enorme, chamado Ebro, de saudables augas e abundantes peixes. Todos os ríos que se atopan desde Estella a Logroño son malsáns para beber homes e bestas, e os seus peixes sono para comelos. Se algunha vez comes en España e en Galicia o peixe que vulgarmente se chama barbo, ou o que os do Poitou chaman alosa e os italianos clipia, ou anguías ou tencas, seguro que enfermas ou morres inmediatamente».

Escollede a parte que vos resulte máis significativa e traballádea co alumnado.

Ao longo do curso serán moitos os textos que poderedes usar para mellorar a comprensión lectora do voso alumnado. O Códice Calixtino non é máis que un exemplo dentro dos recursos que podedes utilizar para amosar diversos aspectos do Camiño de Santiago a través da literatura. Contades con multitude de obras que vos servirán de apoio: novela, poesía, artigos de prensa, banda deseñada, guías de viaxes, etc.

Unha vez escollido un texto podedes centrarvos en aspectos máis formais para traballar diversos contidos curriculares e parte das competencias básicas do alumnado nesta materia:

- Autor, data e obra.
- Xénero e subxénero ao que pertence.
- Estrutura.
- Análise do contido: argumento
- Estrutura: interna / externa.
- Estudo da forma partindo do contido: nivel fónico / nivel morfosintáctico / nivel léxico-semántico / nivel estilístico e da comunicación.
- Relación do texto co autor e a súa época.
- Conclusión.

Introducir textos relacionados co Camiño permitirá ao alumnado mellorar a súa comprensión crítica sobre el mentres melloran o seu coñecemento na área de lingua.

Proposta IV: Debate - Pensamento crítico

Como xa investigamos e coñecemos algo sobre o Camiño de Santiago, é o momento de propor ... un debate entre o noso alumnado.

Se seguistes ata o momento as nosas propostas comprobaredes que tentamos que o alumnado estea no centro da aprendizaxe, sendo os protagonistas. Para iso, unha das ferramentas máis útiles que temos pasa por fomentar o debate na aula sobre os temas tratados.

Presentámosvos un posible debate dos moitos que poden xurdir: unha parte do alumnado quere facer o Camiño de Santiago polos aspectos positivos que pode ofrecer e outros prefiren outro lugar para levar a cabo a viaxe de estudos de toda a clase. Outra variante podería ser que se debata sobre cal das rutas do Camiño é máis interesante. Cada unha ofrece diferentes atractivos.

Os equipos de debate poden comezar co que xa saben ata o momento ou permitirlles investigar máis co fin de apoiar as argumentacións que xustifiquen o seu punto de vista. Incluso unha vez investigado o tema por parte de cada grupo, mudade os papeis e facede que os alumnos/as que pensan dun xeito teñan que defender o sentido contrario á súa opinión. Tan transcendente é o intercambio de ideas como o debate en si mesmo.

Lembrede que ademais do resultado final do debate é importante avaliar por parte do alumnado todo o proceso, poñendo especial atención polo respecto cara as opinións dos demais.

Proposta V: Idiomas

Fixádevos nun mapa a cantidade de localidades de Europa polas que pasa o Camiño de Santiago ...

En cada unha delas hai mozos como vós que se cadra tamén están a descubrir que é o Camiño de Santiago. É un patrimonio de todos que transcende as fronteiras.

Se no voso centro estudades algunha lingua estranxeira propómosvos contactardes con eles/as no seu idioma. Igual que na páxina web do voso centro educativo, seguro que eles/as teñen algún blog, rede social, canle de vídeos, etc., para contactar.

Ocórresevos que lles podemos preguntar? Pode ser o inicio dunha bonita amizade...

Proposta VI: Medio físico e espazo humano

Pode que o voso centro estea preto de algunha das localidades ... que mencionamos nas rutas, ou se cadra non vos soan a maioría.

Esta segunda opción é unha magnífica oportunidade para localizalas e empregar un mapa como ferramenta imprescindible para as clases de xeografía. Por tanto propómosvos:

- indicar as rutas do Camiño de Santiago que percorren toda España remarcando as que son Patrimonio Mundial;
- escoller unha e sinalar as localidades polas que pasa o Camiño, co seu inicio e fin;
- situar os principais fitos patrimoniais (arquitectura, natureza, patrimonio inmaterial, etc.);
 - detectar as principais localidades por densidade de poboación. Coinciden coas que o Camiño atravesas?;
 - atopar as principais localidades desde un punto de vista económico. Que influencia puido ter o Camiño nas súas orixes como punto destacado comercial?;
- fixar onde se desenvolven os principais feitos para a configuración como ruta peregrina;
- ...

As posibilidades do traballo con mapas son tantas como obxectivos formulades: índice de turismo, sectores económicos, infraestruturas, medio ambiente, desequilibrios territoriais, ...

Que vos interesa que descubra o voso alumnado sobre o Camiño de Santiago con estas ferramentas? Se engadimos o uso de novas tecnoloxías, o abano de posibilidades é enorme.